

CCSS 2º ESO / SÍNTESE DA PROGRAMACIÓN

CONTIDOS

BLOQUES CURRICULARES	
1. Contidos comúns	Referidos a destrezas e procedementos. Ha estar presente en todas as unidades
2. As sociedades preindustriais	Os séculos medievais en Europa, España e Galicia. Renacemento e Barroco en Europa, España e Galicia. Comprende sete unidades temáticas.
3. Poboación e sociedade	Poboación actual, movementos da poboación, cidades e urbanismo. Comprende cinco unidades temáticas.

NORMAS PARA O CADERNO

<ul style="list-style-type: none">- Será tipo caderno ou dossier e non se admitirán follas arrancadas de libreta.- As follas serán iguais en tamaño.- Deben deixarse os marxes precisos.- Portada na primeira folla que incluíra o nome da materia e nome e curso do alumno/a.- As follas deben estar paxinadas, o que se fará a medida que se precise (non antes). De ter que intercalar follas, estas levarán o número de páxina anterior e a palabra bis- Cada tema comezará en folla diferente e estará encabezada polo título do tema.- Os temas inclúen apartados diferenciados: exercicios, apuntamentos ou glosario.- No caso dos exercicios indicárase o título e o nº de páxina, debe deixarse un pequeno espazo libre para posibles correccións entre un exercicio e outro.- Non pode escribirse en vermello.- Non se permite empregar lapis ou <i>tippex</i>.- A lingua utilizada será a galega

AVALIACIÓN

BAREMACIÓN

A materia será avaliada positivamente cando se teñan **aprobadas todas e cada unha das avaliacións**. A cualificación da avaliación obterase como segue:

- Probas orais ou escritas **70%** (non se aplicará con notas inferiores a 3)
- Actividades de aula e caderno de clase, actitude (interese, participación,...) **30%** (non presentar o caderno impide superar a avaliación)

A **ortografía** terase en conta en todos materiais escritos, os erros (especialmente graves como uso de maiúsculas ou confusión b/v) restarán puntuación, ata 0,5 puntos por actividade.

Especificacións:

- Se o suspenso de avaliación débese á non presentación do caderno, o alumno/a será considerado con avaliación positiva no momento no que a presente
- As probas con cualificación inferior a 3, serán obxecto de **recuperación** no mesmo período de avaliación.
- A nota final será a **media ponderada**.
- **Se un alumno/a copia** durante un exame, **suspenderá** a avaliación. Se copia durante a proba de Setembro, suspenderá o curso.
- Na **convocatoria de setembro** a cualificación será a do exame, se ben poderán terse en conta circunstancias particulares. Teñen a obriga de presentar o caderno aqueles alumnos que non o fixeran durante o curso.
- **Faltas** de orde graves, impuntualidade, carencia reiterada do material preciso, poderán restar puntuación da nota da avaliación, ata un máximo de 1 punto, segundo as anotacións do profesor.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS

CRITERIOS	CCBB
1. Describir os trazos sociais, económicos, políticos, culturais e artísticos que caracterizan a Europa medieval a partir das funcións desempeñadas pola nobreza, o clero e o campesiñado e recoñecer a súa evolución ata a aparición do Estado moderno.	CCA CCA CCL
2. Situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que coexistiron na Península Ibérica durante a Idade Media, distinguindo as súas peculiaridades e recoñecendo na España actual exemplos da pervivencia do seu legado cultural e artístico, particularmente no mundo urbano.	CCA CAA CIMF CMAT
3. Valorar a identidade do período medieval galego nos seus momentos fundamentais, destacando o papel hexemónico que exerce a Igrexa na economía, na cultura ou na articulación do poboamento e establecendo unha relación entre as súas crises sociais e a xeral do feudalismo.	CCA CSC CCL TICD
4. Distinguir os principais momentos na formación e evolución do Estado moderno destacando as características máis relevantes da monarquía hispánica e do imperio colonial español. Destacar a posición dependente de Galicia neste contexto temporal.	CIMF CSC CAA
5. Identificar e localizar os principais estilos artísticos do Medievo e da Idade Moderna, e aplicar ese coñecemento á análise dalgunhas obras e autores representativos destes estilos.	CCA CAA TICD
6. Describir os factores que condicionan os comportamentos e movementos demográficos, utilizando os conceptos e indicadores básicos, caracterizando as tendencias predominantes e aplicando este coñecemento á análise do actual réxime demográfico de Galicia e España.	CIMF CAA CSC CCL
7. Identificar os trazos que caracterizan as sociedades actuais distinguindo a diversidade de grupos sociais que as configuran, e expoñendo algunha situación que reflita a desigualdade social.	CSC CAA TICD CCL
8. Analizar o crecemento das áreas urbanas e as súas novas modalidades, a diferenciación social e funcional do espazo urbano e algúns dos seus problemas, aplicando este coñecemento a exemplos de cidades españolas e galegas.	CIMF TICD CSC CAA
9. Realizar de forma individual e tamén en grupo, coa axuda do profesor, un traballo sinxelo de carácter descritivo sobre algún pazo ou mosteiro da comarca, utilizando fontes diversas (prensa, páxinas web,...) seleccionando a información máis relevante, integrándoa nun esquema ou guión e comunicando os resultados do estudo de forma intelixible.	TICD CAA CAIP CCA CCL

Xefa de Departamento de CCSS, Xª e Hª

Marta Coria Blanco

Curso 2014-2015